



# MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022

**CENTRO: CEIP. DE CALDELAS**  
**DATA: 5 de abril de 2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
2. **Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)**
3. **Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
4. **Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

## 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

<b>1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes</b>	<p>A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación, no seu capítulo 2 sobre Educación Primaria, dí que:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>■ O alumnado que <u>acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa</u>, recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes. Así, no seguinte curso, tomaranse medidas ordinarias as que se refire a Orde de atención á diversidade. Os criterios xerais para o tratamento de materias pendentes serán:<ul style="list-style-type: none"><li>- O obxectivo principal é que o alumnado alcance o grao mínimo de adquisición das competencias correspondentes para continuar o curso sen problemas.</li><li>- Agotar as medidas ordinarias posibles antes de chegar as extraordinarias.</li><li>- Mobilizar os recursos humanos e materias necesarios e dispoñibles.</li><li>- Os controis e exames trataremos de que sexan iguais para todo o alumnado que conforma ese curso, sempre atendendo as circunstancias individuais de cada alumno/a.</li></ul></li><li>■ O alumnado que <u>non acade a promoción</u>, permanecerá un ano máis no mesmo curso. Neste caso, o equipo docente organizará un “plan específico de reforzo” (artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade). Neste “plan específico de reforzo”, se contemplan entre outros, as medidas ordinarias e extraordinarias da Orde de atención á diversidade (ver apartado 3.1. desta concreción).</li></ul>
<b>1.2. Criterios para o alumnado de PMAR</b>	NON PROCEDE EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA
<b>1.3. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa</b>	<p>Coa LOMLOE só se contempla a repetición ao final de ciclo, ou sexa, en 2º, 4º, 6º de Educación Primaria.</p> <p>Ao remate de cada un dos ciclos de Educación Primaria, como resultado do proceso de avaliación, o equipo de mestras e mestres que imparte docencia nel, na sesión da avaliación final, decide sobre a promoción ou non do alumnado. A decisión tratamos que sexa de xeito consensuado, primando sempre o criterio da persoa titora, e tendo en conta os seguintes criterios:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa, os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe (estos últimos serán orientativos) que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria</li></ol>

na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Tomaranse en consideración todas as áreas do currículo para tomar a decisión de promoción do alumnado.
3. O alumno ou a alumna accederá ao ciclo ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.
4. Se algunha alumna ou alumno xa permaneceu un ano máis nun curso, promocionará por imperativo legal, agás que sexan alumnas/os con **NEE**, que promocionarán ou non, dependendo das súas características.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro (DOG 9 de setembro de 2014) polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia, distingue entre tres tipos de áreas:

- Troncais: CC. NATUREZA / CC. SOCIAIS / LINGUA CASTELÁ / MATEMÁTICAS / INGLÉS.
- Específicas: EDUCACIÓN FÍSICA / RELIXIÓN ou VALORES / EDUCACIÓN ARTÍSTICA.
- Libre configuración autonómica: LINGUA GALEGA.

De acordo con isto, o alumnado de educación primaria promocionará ou non de ciclo segundo o seguinte cadro:

NON PROMOCIONA:	PROMOCIONA:
- Con dúas troncais ou máis.	- En todos os demais casos.
- Con unha troncal ou máis + Lingua Galega.	
- Con catro ou máis áreas cales sexan.	

**1.4. Criterios de Titulación**

NON PROCEDE EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

**1.5. Criterios obtención do título de ESO para alumnado de FPB**

NON PROCEDE EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

## 2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)

### 2.1. Criterios xerais

O equipo docente poderá propoñer o outorgamento dunha mención honorífica ao alumnado que ao remate da educación primaria acade sobresaliente en todas as áreas e que demostre un rendemento académico excelente.

## 3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

### 3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

1.- O alumnado de Educación Primaria que permanece un ano máis no mesmo curso, é preciso realizarlle un Plan Específico de Reforzo.

• Para realizar dito Plan de Reforzo é preciso :

- Concretar as necesidades
- Medidas ordinarias empregadas no curso anterior
- Metodoloxías que se empregarán
- Recursos necesarios para o plan.
- Medidas extraordinarias se fose o caso
- Información a familia.

Ideas dalgúns puntos do Plan:

• Metodoloxías:

- Continua
- Implicación do alumno no aprendizaxe de forma activa.
- Partir dos coñecementos do alumno ou alumna
- Aprendizaxe por proxectos, aula invertida, aprendizaxe cooperativo....

• Recursos necesarios para o plan:

- Materiais máis manipulativos, emprego de libros máis adaptados
- Humanos: Mestres con dispoñibilidade horaria
- Metodolóxicos:
  - Ampliar tempos nas actividades
  - Reducir a copia de enunciados.

Reservar na organización de clase, tempos moi breves para traballar aspectos concreto que debe mellorar o alumno.

• Medidas Extraordinarias:

Recursos Humanos: mestres de AL ou PT  
Adaptación Curricular dalgunha materia

2.- O alumnado de Educación Primaria que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

• Metodoloxía:

Continua e sumativa  
Implicación do alumno no aprendizaxe de forma activa  
Partir dos coñecementos do alumno ou alumna  
Aprendizaxe por proxectos, aula invertida, aprendizaxe cooperativo....

• Recursos:

-Materiais e Metodolóxicos:  
Emprego de material manipulativo, visual, informático  
Fichas adaptadas para traballar de forma personalizada  
Dar exemplos de actividades realizadas para que practiquen a partir do explicado  
Uso dalgún libro adaptado para recuperar contidos non asimilados.  
Programas informáticos de autocorrección para traballar determinados aspectos  
Ampliar os tempos de traballo, reducir actividades ou reducir a copia de enunciados  
Organizar a clase con tempos concretos para traballar de forma individualizada: a lectura, preguntar as táboas  
Sistema de controis variable: escrito, oral, tipo test.....  
-Humanos: Mestres con dispoñibilidade horaria.

• Medidas Extraordinarias (Serian casos excepcionais):

Recursos Humanos: mestres de AL ou PT  
Adaptación Curricular dalgunha materia

**3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.**

NON PROCEDE EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

**3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.**

NON PROCEDE EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

**3.4. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.**

NON PROCEDE EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

**3.5. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.**

NON PROCEDE EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

**3.6. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)**

Cada curso incluírá nas súas programacións didácticas os seguintes apartados:

- Criterios para o tratamento de materias pendentes (de 2º a 6º de primaria).
- Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa (só en 2º, 4º, 6º de primaria).
- Criterios de outorgamento de mencións honoríficas (só en 6º de primaria).
- Procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes (de 2º a 6º de primaria).

## 4. Aprobación e publicidade

<b>4.1. Aprobación</b>	<p>Indicar o procedemento que o centro adoptou para a aprobación da modificación da concreción curricular no curso 2021/2022.</p> <p>Esta concreción se elaborou na CCP (Comisión de Coordinación Pedagóxica) durante o mes de marzo de 2022.</p> <p>Aprobouse no Claustro extraordinario do 5 de abril de 2022.</p>
<b>4.2. Publicidade</b>	<p>Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Data publicidade na páxina web do centro: 20 DE ABRIL DE 2022.</li><li>• Datos información ás familias/alumnado por parte dos titores/as a través de Abalar móbil: 20 DE ABRIL DE 2022.</li></ul>

